[gp-pp@parlamentodegalicia.gal](mailto:gp-pp@parlamentodegalicia.gal)



## Á Mesa do Parlamento

Noa Díaz Varela, Julio Torrado Quintela e Marina Ortega Otero, deputadas e deputado pertencentes ao Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa mesa a seguinte pregunta para a súa resposta oral na Comisión 5ª.

Os centros de día son recursos sociais dirixidos a atender as necesidades específicas das persoas maiores e/ou con dependencia, de xeito que son ademais unha valiosa ferramenta de conciliación familiar. Dadas as particularidades poboacionais e xeográficas do noso país, estes centros convértense nun recurso imprescindible en todo o noso territorio pero máis aínda en concellos pequenos do ámbito rural galego por canto presentan uns maiores índices de avellentamento e son as mulleres as que soportan a carga total dos coidados.

É o caso do Concello de Touro no que, dunha poboación total de 3.516 (datos INE, 2019), o 33,7% son maiores de 65 anos. En concreto, 657 mulleres e 530 homes que non dispoñen de ningún recurso social destas características e para o que o Grupo Socialista reclama dende hai anos o establecemento dun centro de día neste concello.

O Partido Popular, que goberna a Xunta de Galicia, incorporaba no seu programa electoral como un compromiso de goberno o “impulso da apertura de casas do maior naqueles concellos galegos que non contén cun centro de día, para lograr que o 100 % do territorio galego conte con servizos de conciliación específicos para o coidado das persoas maiores”.

En resposta a unha pregunta escrita formulada en xaneiro de 2021 por este grupo parlamentario, a Xunta volvía informar da súa intención de pór en marcha máis casas do maior por toda a xeografía galega sen especificar se Touro sería un dos concellos beneficiados. En todo caso, e á vista de que máis dun ano despois a situación segue a ser igual de deficitaria neste recurso de atención ás persoas maiores. Por iso, as deputadas e o deputado que asinan formulan as seguintes preguntas:

1ª) Como valora o Goberno galego a necesidade dun centro de día ou espazo similar no concello de Touro?

2ª) Ten previsto a apertura próxima dun centro de día ou casa do maior no concello de Touro? De ser así, cando?



3ª) Cantas casas do maior abriu o Goberno galego nos anos 2021 e 2022 na comarca da Arzúa?

Pazo do Parlamento, 23 de xuño de 2022

**Asinado dixitalmente por:**

**Noa Susana Díaz Varela na data 22/06/2022 13:32:23**

**Julio Torrado Quintela na data 22/06/2022 13:32:38**

**Marina Ortega Otero na data 22/06/2022 13:32:49**



## Á Mesa do Parlamento

Pablo Arangüena Fernández e Paloma Castro Rey, deputado e deputada pertencentes ao Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa mesa a seguinte pregunta para a súa resposta oral na Comisión 2ª.

Pouco despois de que en novembro de 2021 a conselleira de Medio Ambiente visitase a COP26 de Glasgow e a Xunta -adheríndose ao obxectivo da UE e do Estado de reducir as emisións de gases de efecto invernadoiro (GEI) nun 55 % para o ano 2030- emitise unha nota de prensa co hiperbólico titular de “Galicia entra no liderado do clima a nivel mundial”, o Goberno de Galicia anunciou que a nosa comunidade acadara ao peche de 2019 unha redución de emisións do 23,8 % con respecto a 1990. Esta cifra foi tamén defendida en febreiro de 2022 nunha comparecencia da conselleira de Medio Ambiente no Parlamento, sendo elevada o 23 de marzo de 2022 pola propia conselleira a un 35,9 %, esta vez con referencia a 2020, cifras que lle serviron ao Goberno galego para presumir de avanzar cara á neutralidade climática, afirmando a propia conselleira que as emisións galegas representan o 6,8 % do total estatal.

Estas cifras, que a Xunta atribúe ás súas políticas de loita contra o cambio climático, débense en realidade a dous factores total e absolutamente alleos ao Goberno de Galicia, de feito claramente contrarios á súa vontade. Así, en primeiro lugar, no ano 2019 a redución da actividade das centrais térmicas de Meirama e As Pontes implicou que o peso do carbón na produción enerxética galega pasase do 29,3 % que representaba no conxunto no ano 2000 ó 5 % no 2019, que se viu reducido ao 3,5 % no 2020, segundo datos do Inega, sendo a combustión de carbón, como é ben coñecido, unha das maiores fontes de emisións de GEI. En segundo lugar, o confinamento derivado da covid19 en 2020, xunto coa redución sen precedentes do PIB que tivo lugar ese ano, que foi do 10,8 % en España e só lixeiramente inferior en Galicia, implicaron que as emisións de GEI se visen reducidas nun 10 % no conxunto do Estado en 2020. Eses dous factores (caída drástica en Galicia da produción enerxética con carbón en 2019 e 2020, e caída global de emisións pola pandemia en 2020) explican na súa totalidade as cifras de redución de





emisións do 23,8 % en 2019 e do 35,9 % en 2020, que non obstante foron publicitadas como éxitos das súas políticas pola Xunta de Galicia.

A realidade é que o 6,8 % das emisións que representa Galicia no conxunto do Estado (segundo recoñeceu a propia conselleira de medio ambiente en marzo deste ano) está significativamente por enriba do seu peso no PIB, que era menos do 5 % en 2020, o cal reflicte un claro fracaso nas políticas galegas de loita contra o cambio climático, en realidade inexistentes máis alá da propaganda.

Conforme a todo o anterior e estando gravemente entorpecida a produción de enerxías renovables en Galicia pola ausencia tanto dunha aposta política sequera minimamente ambiciosa como dun marco xurídico axeitado e pola ineficacia e lentitude da burocracia da Xunta, que ademais foi reiteradamente emendada nos últimos dous anos polo TSXG e polo TS, faise enormemente difícil imaxinar (incluso sendo espectacularmente optimistas) como vai Galicia acadar en oito anos o obxectivo de redución de emisións do 55 % que foi adquirido polo Goberno galego para o ano 2030 despois de que o establecesen a finais do ano pasado tanto a UE como o Estado.

A Estratexia galega de cambio climático foi aprobada o 3 de outubro de 2019, en paralelo co Plan rexional de enerxía e clima 2019-2023, pero chama poderosamente a atención que estando teoricamente subordinado o Plan galego ao Plan nacional de enerxía e clima 2021-2030, este fose aprobado en marzo de 2021, polo que dificilmente se pode entender que o Plan galego tomase como referencia do seu inicio o ano 2019, dous anos antes de que fose aprobado o Plan nacional e tamén dous anos antes de que fose aprobada a Lei estatal de cambio climático. Tamén chama poderosamente a atención que a previsión de redución de emisións que figura na Estratexia Galega de Cambio Climático e Enerxía 2050 sexa do 24 % para o ano 2030, cando o compromiso da Xunta a raíz da COP26 foi do 55 %, é dicir, máis do dobre da previsión da Estratexia.

Segundo establece o Plan Rexional Integrado de Enerxía e Clima 2019-2023, “a Estratexia Galega de Cambio Climático e Enerxía 2050, será o instrumento planificador na loita fronte ao cambio climático e a transición enerxética de cara ao horizonte temporal 2050. Esta Estratexia servirá para establecer as grandes liñas de acción na loita contra o cambio climático desde unha perspectiva rexional, centrada en Galicia, permitindo tamén contribuír aos obxectivos establecidos a nivel global nesta materia”.

A estratexia, que en teoría é o principal instrumento planificador da Administración galega na loita contra o cambio climático e a transición enerxética, en realidade non planifica nada, senón que é un documento que se centra en describir a realidade xa existente, é dicir, proporciona datos históricos, pero non concreta nin diseña políticas de cara ao futuro, polo que malamente se pode chamar estratexia. De feito, os datos que



contempla a estratexia non van máis alá de 2016, o cal implica un desfase de 3 anos para unha estratexia aprobada a finais de 2019 que, ademais, quedou desfasada en 2021 cando a Xunta ampliou o seu obxectivo desde a previsión de redución do 24 % que figura na propia estratexia –moi lonxe do obxectivo da UE a finais de 2019, que era do 40 %- ata o 55 % que anunciou a Conselleira despois de viaxar á COP26. En canto ao plan, recolle 147 medidas das que máis de dous terzos están en fase de estudo ou implementación, en todo caso sen orzamento, e mestura todo tipo de medidas, moitas das cales non gardan relación estricta co cambio climático, ademais de que as cifras orzamentarias que proporcionan están moi por debaixo da realidade cando en teoría xa estamos no terzo final do marco temporal dese plan. En suma, a estratexia galega non é unha verdadeira estratexia e o plan rexional integrado de enerxía e clima tampouco se pode considerar como un plan, ademais de estar desfasados ambos documentos polo peche das térmicas e o novo compromiso da UE, a día de hoxe totalmente inalcanzable para Galicia a non ser que teña lugar en moi pouco tempo un cambio drástico das súas políticas, por iso o deputado e a deputada que asinan formulan as seguintes preguntas:

1ª) Por que a Estratexia Galega de Cambio Climático e Enerxía 2050 e o Plan Rexional Integrado de Enerxía e Clima 2019-2023 aprobada a finais de 2019 carecen tanto de previsións e obxectivos medibles e avaliáveis como de medidas que permitan avanzar significativamente na redución de emisións?

2ª) Por que a Estratexia Galega de Cambio Climático e Enerxía 2050 contempla unha xenérica previsión de redución de emisións para o 2030 do 24 % cando o obxectivo da UE –asumido pola Conselleira- é do 55 % de redución para ese ano?

3ª) É consciente o Goberno galego de que a redución de emisións dos anos 2019 e 2020 tivo como únicas e exclusivas causas a caída drástica da produción de carbón asociada á redución de actividade e posterior peche das térmicas de Meirama e As Pontes e ao forte parón económico asociado á crise do coronavirus?

4ª) Por que o Goberno de Galicia se atribúe un suposto éxito na loita contra o cambio climático se as causas da redución de emisións en 2019 e 2020 foron claramente contrarias á súa vontade na medida en que o propio Goberno de Galicia se manifestou reiteradamente en contra do peche das térmicas de Meirama e As Pontes e obviamente era contrario a calquera redución da actividade económica como a asociada á pandemia?

5ª) Como vai o Goberno de Galicia a cumprir co obxectivo de redución dun 55 % das emisións de gases de efecto invernadoiro no ano 2030 se nos últimos 13 anos non houbo ningún tipo de política que as reducise?





Pazo do Parlamento, 23 de xuño de 2022

**Asinado dixitalmente por:**

**Pablo Arangüena Fernández na data 23/06/2022 11:54:58**

**Paloma Castro Rey na data 23/06/2022 11:55:15**



## Á Mesa do Parlamento

Pablo Arangüena Fernández e Paloma Castro Rey, deputado e deputada pertencentes ao Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa mesa a seguinte pregunta para a súa resposta oral na Comisión 2ª.

Pouco despois de que en novembro de 2021 a conselleira de Medio Ambiente visitase a COP26 de Glasgow e a Xunta -adheríndose ao obxectivo da UE e do Estado de reducir as emisións de gases de efecto invernadoiro (GEI) nun 55 % para o ano 2030- emitise unha nota de prensa co hiperbólico titular de “Galicia entra no liderado do clima a nivel mundial”, o Goberno de Galicia anunciou que a nosa comunidade acadara ao peche de 2019 unha redución de emisións do 23,8 % con respecto a 1990. Esta cifra foi tamén defendida en febreiro de 2022 nunha comparecencia da conselleira de Medio Ambiente no Parlamento, sendo elevada o 23 de marzo de 2022 pola propia conselleira a un 35,9 %, esta vez con referencia a 2020, cifras que lle serviron ao Goberno galego para presumir de avanzar cara á neutralidade climática, afirmando a propia conselleira que as emisións galegas representan o 6,8 % do total estatal.

Estas cifras, que a Xunta atribúe ás súas políticas de loita contra o cambio climático, débense en realidade a dous factores total e absolutamente alleos ao Goberno de Galicia, de feito claramente contrarios á súa vontade. Así, en primeiro lugar, no ano 2019 a redución da actividade das centrais térmicas de Meirama e As Pontes implicou que o peso do carbón na produción enerxética galega pasase do 29,3 % que representaba no conxunto no ano 2000 ó 5 % no 2019, que se viu reducido ao 3,5 % no 2020, segundo datos do Inega, sendo a combustión de carbón, como é ben coñecido, unha das maiores fontes de emisións de GEI. En segundo lugar, o confinamento derivado da covid19 en 2020, xunto coa redución sen precedentes do PIB que tivo lugar ese ano, que foi do 10,8 % en España e só lixeiramente inferior en Galicia, implicaron que as emisións de GEI se visen reducidas nun 10 % no conxunto do Estado en 2020. Eses dous factores (caída drástica en Galicia da produción enerxética con carbón en 2019 e 2020, e caída global de emisións pola pandemia en 2020) explican na súa totalidade as cifras de redución de



emisións do 23,8 % en 2019 e do 35,9 % en 2020, que non obstante foron publicitadas como éxitos das súas políticas pola Xunta de Galicia.

A realidade é que o 6,8 % das emisións que representa Galicia no conxunto do Estado (segundo recoñeceu a propia conselleira de medio ambiente en marzo deste ano) está significativamente por enriba do seu peso no PIB, que era menos do 5 % en 2020, o cal reflicte un claro fracaso nas políticas galegas de loita contra o cambio climático, en realidade inexistentes máis alá da propaganda.

Conforme a todo o anterior e estando gravemente entorpecida a produción de enerxías renovables en Galicia pola ausencia tanto dunha aposta política sequera minimamente ambiciosa como dun marco xurídico axeitado e pola ineficacia e lentitude da burocracia da Xunta, que ademais foi reiteradamente emendada nos últimos dous anos polo TSXG e polo TS, faise enormemente difícil imaxinar (incluso sendo espectacularmente optimistas) como vai Galicia acadar en oito anos o obxectivo de redución de emisións do 55 % que foi adquirido polo Goberno galego para o ano 2030 despois de que o establecesen a finais do ano pasado tanto a UE como o Estado.

A Estratexia galega de cambio climático foi aprobada o 3 de outubro de 2019, en paralelo co Plan rexional de enerxía e clima 2019-2023, pero chama poderosamente a atención que estando teoricamente subordinado o Plan galego ao Plan nacional de enerxía e clima 2021-2030, este fose aprobado en marzo de 2021, polo que dificilmente se pode entender que o Plan galego tomase como referencia do seu inicio o ano 2019, dous anos antes de que fose aprobado o Plan nacional e tamén dous anos antes de que fose aprobada a Lei estatal de cambio climático. Tamén chama poderosamente a atención que a previsión de redución de emisións que figura na Estratexia Galega de Cambio Climático e Enerxía 2050 sexa do 24 % para o ano 2030, cando o compromiso da Xunta a raíz da COP26 foi do 55 %, é dicir, máis do dobre da previsión da Estratexia.

Segundo establece o Plan Rexional Integrado de Enerxía e Clima 2019-2023, “a Estratexia Galega de Cambio Climático e Enerxía 2050, será o instrumento planificador na loita fronte ao cambio climático e a transición enerxética de cara ao horizonte temporal 2050. Esta Estratexia servirá para establecer as grandes liñas de acción na loita contra o cambio climático desde unha perspectiva rexional, centrada en Galicia, permitindo tamén contribuír aos obxectivos establecidos a nivel global nesta materia”.

A estratexia, que en teoría é o principal instrumento planificador da Administración galega na loita contra o cambio climático e a transición enerxética, en realidade non planifica nada, senón que é un documento que se centra en describir a realidade xa existente, é dicir, proporciona datos históricos, pero non concreta nin diseña políticas de cara ao futuro, polo que malamente se pode chamar estratexia.



De feito, os datos que contempla a estratexia non van máis alá de 2016, o cal implica un desfase de 3 anos para unha estratexia aprobada a finais de 2019 que, ademais, quedou desfasada en 2021 cando a Xunta ampliou o seu obxectivo desde a previsión de redución do 24 % que figura na propia estratexia –moi lonxe do obxectivo da UE a finais de 2019, que era do 40 %- ata o 55 % que anunciou a Conselleira despois de viaxar á COP26. En canto ao plan, recolle 147 medidas das que máis de dous terzos están en fase de estudo ou implementación, en todo caso sen orzamento, e mestura todo tipo de medidas, moitas das cales non gardan relación estrita co cambio climático, ademais de que as cifras orzamentarias que proporcionan están moi por debaixo da realidade cando en teoría xa estamos no terzo final do marco temporal dese plan. En suma, a estratexia galega non é unha verdadeira estratexia e o plan rexional integrado de enerxía e clima tampouco se pode considerar como un plan, ademais de estar desfasados ambos documentos polo peche das térmicas e o novo compromiso da UE, a día de hoxe totalmente inalcanzable para Galicia a non ser que teña lugar en moi pouco tempo un cambio drástico das súas políticas, o deputado e a deputada que asinan, preguntan:

Por que a Estratexia Galega de Cambio Climático e Enerxía 2050 e o Plan Rexional Integrado de Enerxía e Clima 2019-2023 aprobada a finais de 2019 carecen tanto de previsións e obxectivos medibles e avaliábeis como de medidas que permitan avanzar significativamente na redución de emisións?

Pazo do Parlamento, 23 de xuño de 2022

**Asinado dixitalmente por:**

**Pablo Arangüena Fernández na data 23/06/2022 11:56:48**

**Paloma Castro Rey na data 23/06/2022 11:57:06**







OFICINA PARLAMENTAR  
**Parlamento de Galiza**  
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545  
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421  
gp-bng@parlamentodegalicia.gal  
15702 Santiago de Compostela  
Galiza

## Á Mesa do Parlamento

**Ramón Fernández Alfonzo, Luis Bará Torres e Alexandra Fernández Gómez**, deputados e deputada do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta oral na Comisión 2ª**, sobre as pragas de moscas na parroquia do Val, no Concello de Narón.

### EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

Durante os meses de verán dos 2 últimos anos veñen producíndose pragas de moscas na parroquia do Val, no Concello de Narón.

A causa pola que aparecen ou se producen estas pragas descoñécese. Prodúcese dun xeito intermitente, variando a duración, e mesmo as maiores concentracións cambian de lugar.

Desde a asociación de veciños e veciñas teñen instado reiteradamente a actuación dos responsábeis municipais, sen que até o de agora desde o Concello de Narón puideran aclarar as causas nin ofrecer solucións.

A chegada do verán fai temer que estes episodios podan repetirse, polo que de novo veñen dirixíndose ao Concello para que tome medidas.

A intensidade da presenza das moscas é tal, cando se producen as pragas, que impide a realización dunha vida normal nas casas afectadas, sen entrar a valorar problemas de saúde pública que podan estar relacionadas coa causa ou foco da praga, ou





OFICINA PARLAMENTAR  
**Parlamento de Galiza**  
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545  
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421  
gp-bng@parlamentodegalicia.gal  
15702 Santiago de Compostela  
Galiza

que poidan chegar a producirse como consecuencia da presenza desmesurada das moscas.

Tanto as conversas que manteñen desde a asociación de veciños e veciñas cos responsábeis municipais, como as novas ou manifestacións realizadas por estes aos medios de comunicación comarcais, desprenden certo grao de confusión ao respecto da participación da Xunta na investigación da orixe das pragas, así como sobre a quen corresponde a titularidade das competencias para solucionar o problema.

Por todo isto fórmulanse as seguintes preguntas para resposta oral na Comisión 2ª :

. Coñece a Xunta de Galiza o problema das pragas de moscas na parroquia do Val do Concello de Narón?

. Considérase a Xunta de Galiza administración competente para solucionar o problema das pragas no Concello de Narón?

. En que medida ten participado a Xunta de Galiza na súa investigación ou solución?

. Dispón a Xunta de Galiza dos medios necesarios para localizar a orixe das pragas e eliminalas?

. Considera que a súa colaboración co Concello é suficiente ou axeitada para resolver o problema?

. Cales son as conclusións ou que valoración realiza a Xunta de Galiza sobre o problema destas pragas?







OFICINA PARLAMENTAR  
**Parlamento de Galiza**  
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545  
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421  
gp-bng@parlamentodegalicia.gal  
15702 Santiago de Compostela  
Galiza

- . Pode tratarse dun problema de saúde pública?
- . Como recomenda actuar a Xunta de Galiza para o caso de repetirse as pragas?

Santiago de Compostela, 23 de xuño de 2022

Asdo.: **Ramón Fernández Alfonso**  
**Luis Bará Torres**  
**Alexandra Fernández Gómez**  
Deputados e deputada do G.P. do BNG

**Asinado dixitalmente por:**

**Ramón Fernández Alfonso na data 23/06/2022 13:20:50**

**Xosé Luis Bará Torres na data 23/06/2022 13:21:01**

**Alexandra Fernández Gómez na data 23/06/2022 13:21:09**





OFICINA PARLAMENTAR

**Parlamento de Galiza**

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545  
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421  
gp-bng@parlamentodegalicia.gal  
15702 Santiago de Compostela  
Galiza

## Á Mesa do Parlamento

**Mercedes Queixas Zas e Luis Bará Torres**, deputada e deputado do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta oral na Comisión 2ª**.

### EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

Nas pasadas semanas producíronse varios verquidos ao río Mendo da EDAR de Oza, no concello de Oza-Cesuras, que provocaron múltiples queixas da veciñanza e denuncias diante do Seprona. Estes verquidos, que tiveron lugar a carón da Ponte dos Cabalos, proveñen da depuradora de Oza e provocaron alarma veciñal polo forte cheiro no Río Mendo.

A depuradora de Oza atópase río arriba da área recreativa de Reboredo, unha contorna natural que o goberno sacou no seu momento das áreas de baño analizadas pola Xunta por non poder garantir a calidade da auga.

Cómpre engadir que a vila de Betanzos ten a súa captación de auga potábel no río Mendo, que despois desemboca na Ría de Betanzos, e que presenta moitos problemas de contaminación por augas fecais, o que está a provocar que teña catalogadas 2 zonas C para o marisqueo e outra B/C estacional.

Polo anteriormente exposto fórmulanse as seguintes preguntas para resposta oral na Comisión 2ª:





OFICINA PARLAMENTAR  
**Parlamento de Galiza**  
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545  
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421  
gp-bng@parlamentodegalicia.gal  
15702 Santiago de Compostela  
Galiza

- Ten o goberno galego constancia desta situación?
- Ten constancia de denuncias ao Seprona polo deficiente funcionamento da depuradora de Oza?
- Que resposta deu o goberno a estas denuncias?
- Que medidas ten pensado adoptar para evitar os verquidos continuos que se producen aos ríos Mendo e Mandeo e á Ría de Betanzos?
- En que prazos prevé actuar para resolver esta situación?

Santiago de Compostela, 23 de xuño de 2022

Asdo.: **Mercedes Queixas Zas**

**Luis Bará Torres**

Deputada e deputado do G.P. do BNG

**Asinado dixitalmente por:**

**Mercedes Queixas Zas na data 23/06/2022 15:52:09**

**Xosé Luis Bará Torres na data 23/06/2022 15:52:21**



## Á Mesa do Parlamento

**Daniel Castro García, Iago Tabarés Pérez-Piñeiro e Rosana Pérez Fernández**, deputados e deputada do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta oral na Comisión 1ª**, sobre a necesidade de que a Xunta de Galiza se sente a falar coa directiva do Rotogal Boiro voleibol para analizar posibles solucións para a situación que está a atravesar.

### EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

Boiro é unha vila de 19 mil habitantes que destaca polo grande nivel que acadou o seu deporte en diversas disciplinas deportivas como o fútbol, o remo ou o voleibol. É neste último deporte no que as alarmas se acenderon anteriormente ao alertar a directiva do Rotogal Boiro Voleibol da grave situación económica que o equipo estaba a sufrir.

Esta situación é debida á grande débeda que deixou a anterior directiva e que a actual tratou, trata e tratará de reducir. Pese a isto, este problema tamén se intensificou ao non poder ter a directiva un plan de viabilidade debido a que o concello non é capaz de concretar cando se ingresarán as subvencións nominativas que se lle adebedan e polo tanto non poder organizar e estruturar a vindeira tempada, conlevando isto graves problemas deportivos e por suposto económicos.

Ante a situación tan grave que se está a vivir e ao falarmos dun club tan importante para a vila, cunha grande canteira e dun nivel do máis alto do Estado, desde o Bloque Nacionalista Galego consideramos necesario que a Xunta de Galiza, a través da Secretaría Xeral para o Deporte, intente mediar, analizando a situación e cunha





BLOQUE  
NACIONALISTA  
GALLEGO

OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545  
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421  
gp-bng@parlamentodegalicia.gal  
15702 Santiago de Compostela  
Galiza

postura propositiva e en diálogo co resto de administracións e federacións, chegar á mellor das solucións posibles para que o concello de Boiro poida seguir gozando moitos máis anos do voleibol da máis alta categoría.

Por estes motivos fórmulanse as seguintes preguntas para resposta oral na Comisión 1ª :

- Está disposta a Xunta de Galiza a sentarse a falar coa directiva do Rotogal Boiro Voleibol para tratar de atopar solucións ao grave problema económico que está a vivir este club?

- É consciente a Xunta de Galiza do problema que está a vivir este club de Boiro e das consecuencias que poderá ter para o mesmo e para o deporte da vila?

Santiago de Compostela, 23 de xuño de 2022

Asdo.: **Daniel Castro García**

**Iago Tabarés Pérez-Piñeiro**

**Rosana Pérez Fernández**

Deputados e deputada do G.P. do BNG

**Asinado dixitalmente por:**





BLOQUE  
NACIONALISTA  
GALLEGO

OFICINA PARLAMENTAR

**Parlamento de Galiza**

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545  
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421  
gp-bng@parlamentodegalicia.gal  
15702 Santiago de Compostela  
Galiza

**Daniel Castro García na data 23/06/2022 16:27:22**

**Iago Tabarés Pérez-Piñeiro na data 23/06/2022 16:27:27**

**Rosana Pérez Fernández na data 23/06/2022 16:27:36**





OFICINA PARLAMENTAR  
**Parlamento de Galiza**  
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545  
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421  
gp-bng@parlamentodegalicia.gal  
15702 Santiago de Compostela  
Galiza

## Á Mesa do Parlamento

**Ramón Fernández Alfonso, Noa Presas Bergantiños e Daniel Pérez López,** deputados e deputada do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG),** ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta oral na Comisión 3ª,** sobre o anteproxecto de lei do goberno do Estado para a creación dunha autoridade administrativa independente para a defensa do cliente financeiro.

### EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

Actualmente está en fase de anteproxecto unha proposta legislativa do goberno do Estado para a creación dunha autoridade administrativa independente para a defensa do cliente financeiro.

O obxecto desta autoridade administrativa sería a resolución de controversias entre clientes e entidades que operan no ámbito da prestación de servizos financeiros, entendidos estes dun punto de vista omnicompreensivo, partindo da base de que o mero recoñecemento legal dos dereitos dos consumidores e consumidoras non é abondo para garantir a súa plena efectividade.

Distínguense perfectamente ben, polo tanto, na exposición de motivos do anteproxecto entre dous planos: 1º a conduta esixíbel ás entidades financeiras, 2º as vías de reclamación do cliente fronte a conflitos individuais xurdidos no marco destas relacións.





BLOQUE  
NACIONALISTA  
GALIEGO

OFICINA PARLAMENTAR

**Parlamento de Galiza**

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545  
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421  
gp-bng@parlamentodegalicia.gal  
15702 Santiago de Compostela  
Galiza

Segundo a propia exposición de motivos do anteproxecto os servizos de atención e defensa do cliente permiten realizar unha función de control “máis estratéxica e independente”, e ao mesmo tempo “poden constituír un elemento de calidade e diferenciación positiva da entidade”, como se estes hipotéticos beneficios para as propias entidades foran razóns suficientes para garantir un sistema de resolución dos conflitos a altura das necesidades, é dicir, proporcionados ou axustados ao nivel cuantitativo e cualitativo de abusos e malas prácticas que se cometen no sector.

A continuación o texto do anteproxecto glosa as marabillas do segundo chanzo do actual sistema de reclamación extraxudicial, xa perante os supervisores, sistema que permitiría atender e analizar as queixas, reclamacións e consultas dos clientes financeiros dun xeito “útil, eficaz e rápido”.

Desde o BNG temos que dicir que nos produce auténtico pasmo o nivel de “buenismo” do redactor deste anteproxecto, até o punto de preguntarnos se será necesario crear esta nova autoridade administrativa independente, ou modificar o actual sistema en algunha medida, dada a enorme satisfacción que parece existir ao respecto.

Mais entrando a valorar o anteproxecto, o seu texto articulado, temos que salientar dúas cuestións:

A 1ª que o deseño dos organismos de goberno desta nova autoridade administrativa independente concede excesivo protagonismo aos supervisores.

E a 2ª, e motivo desta iniciativa parlamentaria, que invade competencias autonómicas, xa que tal como indicamos anteriormente, da propia exposición de motivos despréndese con claridade a diferenza entre as normas de conduta que debe observar o sector, é dicir, a regulación do funcionamento do sector, e outra diferente é a







BLOQUE  
NACIONALISTA  
GALLEGO

OFICINA PARLAMENTAR

**Parlamento de Galiza**

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545  
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421  
gp-bng@parlamentodegalicia.gal  
15702 Santiago de Compostela  
Galiza

creación ou regulación de mecanismos para a resolución de queixas ou conflitos en vía extraxudicial entre as entidades e a súa clientela.

Existe na Galiza o Instituto Galego de Consumo que ten atribuídas precisamente competencias para a defensa dos consumidores e consumidoras, e nomeadamente constitúese en foro para a resolución extraxudicial de conflitos no ámbito do comercio.

En opinión do grupo parlamentario do BNG non existe razón algunha, nin legal nin de carácter técnico, que xustifique a creación dun organismo específico para a resolución extraxudicial dos conflitos que poidan xurdir no ámbito das relacións comerciais entre entidades financeiras e a súa clientela. Antes ben, un organismo deste tipo aparecería como unha sorte de foro privilexiado que provoque desconfianza social e trunque os obxectivos que se din perseguir.

En todo caso a previsión do Estatuto de autonomía de Galiza é clara a este respecto, tal como testemuña a existencia do Instituto Galego de Consumo, mais tamén a existencia dun precedente, ben coñecido no noso país, como foi a arbitrase realizada no coñecido como conflito das preferentes.

Por estes motivos fórmulanse as seguintes preguntas para resposta oral na Comisión 3ª :

Coñece a Xunta de Galiza o anteproxecto de lei do goberno do Estado para a creación dunha autoridade administrativa independente para a defensa do cliente financeiro?

Sabe que basicamente consiste na constitución dun organismo para a resolución extraxudicial de reclamacións entre entidades financeiras e a súa clientela?





OFICINA PARLAMENTAR  
**Parlamento de Galiza**  
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545  
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421  
gp-bng@parlamentodegalicia.gal  
15702 Santiago de Compostela  
Galiza

Considera a Xunta de Galiza que este anteproxecto de lei podería estar a invadir competencias autonómicas en materia de consumo?

Que valoración fai a Xunta de Galiza do traballo realizado polo Instituto Galego do Consumo e da Competencia en materia de resolución extraxudicial de reclamacións? Considérao competente e capacitado para resolver reclamacións en materia de consumo entre as entidades financeiras e a súa clientela?

Como valora a Xunta de Galiza as arbitraxes realizadas no conflito coñecido como das preferentes?

Considera oportuna ou contraditoria a Xunta de Galiza a presenza do Banco de España e da Comisión Nacional del Mercado de Valores nesta autoridade administrativa independente para a defensa do cliente financeiro? Que valoración fai a Xunta de Galiza do traballo desenvolto por estas institucións na defensa dos dereitos da súa clientela?

Santiago de Compostela, 23 de xuño de 2022

Asdo.: **Ramón Fernández Alfonso**

**Noa Presas Bergantiños**

**Daniel Pérez López**

Deputados e deputada do G.P. do BNG





OFICINA PARLAMENTAR  
**Parlamento de Galiza**  
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545  
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421  
gp-bng@parlamentodegalicia.gal  
15702 Santiago de Compostela  
Galiza

**Asinado dixitalmente por:**

**Ramón Fernández Alfonso na data 23/06/2022 16:41:58**

**Noa Presas Bergantiños na data 23/06/2022 16:42:01**

**Daniel Pérez López na data 23/06/2022 16:42:10**





OFICINA PARLAMENTAR  
**Parlamento de Galiza**  
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545  
gp-bng@parlamentodegalicia.gal  
15702 Santiago de Compostela  
Galiza

## Á Mesa do Parlamento

**Montserrat Prado Cores, Olalla Rodil Fernández e Iria Carreira Pazos**, deputadas do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta oral na Comisión 5ª**, relativa á demanda ao Sergas para que proceda a recuperar a asistencia sanitaria no consultorio de Vilaxoán.

### EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

Tras o inicio da pandemia orixinada pola COVID-19 o Sergas tomou a decisión de pechar algúns centros de saúde e PACs e de xeito especial os consultorios.

O motivo alegado foi que nestes centros era difícil poñer en práctica as medidas de protección para evitar o contaxio polo virus tanto de profesionais como de doentes, en especial a imposibilidade de establecer circuitos diferenciados para persoas con patoloxías habituais e as respiratorias.

Esta medida foille aplicada ao consultorio de Vilaxoán en Vilagarcía, localizado nas instalacións da Confraría de Pescadores Virxe do Rosario. No mesmo había unha médico e unha enfermeira e atendía poboación de Vilaxoán, Sobradelo, Faxilde, Galáns. Unha parte moi importante dos doentes que acudían a este centro superan os 60 anos.

Coa decisión de pechar este centro, @s veciñ@s pasaron de ter atención sanitaria próxima a ter que desprazar ao centro de saúde de Vilagarcía de Arousa, ben en autobús ou en taxi, o que supón en primeiro lugar un gasto económico para os usuarios e usuarias, ou ben depender doutras persoas para o seu traslado e ser atendid@s nun centro con moita sobrecarga de traballo.





OFICINA PARLAMENTAR  
**Parlamento de Galiza**  
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545  
gp-bng@parlamentodegalicia.gal  
15702 Santiago de Compostela  
Galiza

A veciñanza non acepta esta situación e téñense mobilizado, concentrado, recollido sinaturas, presentado reclamacións... A primeira resposta por parte da Xerencia da Área Sanitaria Pontevedra-Salnés foi dicirlles que “non está prevista a reapertura do consultorio”, logo que “o centro pode volver a funcionar no momento que remita a pandemia”, logo que “para reabrir o centro había que realizar reformas para adaptalo ás novas circunstancias derivadas da Covid 19, basicamente ampliación sala de espera e diferenciación de accesos para medicina e enfermería”

A realidade é que as obras están feitas, a práctica totalidade das actividades normalizadas, sen restricións, e o consultorio sigue fechado.

A Atención Primaria, baseada na proximidade, na accesibilidade, na relación directa profesionais-doentes e na continuidade da asistencia está en risco. Esa falta de proximidade e de accesibilidade está deixando a moitas persoas fóra, as grandes damnificadas son as máis vulnerábeis, @s maiores, as que teñen problemas de mobilidade, menos medios, enfermas crónicas, as que non teñen acceso ás novas tecnoloxías.

Hai estudos que relacionan a atención continuada, de proximidade e accesíbel con maior saúde e menos mortalidade. Cando perdes esa relación continuada cos teus profesionais de referencia, cando tes que chamar por teléfono e non sabes quen te vai atender a Atención Primaria perde a súa función.

BNG súmase á preocupación da veciñanza de Vilaxoán, ao ver como pasan os meses e o que se podía entender como unha medida de urxencia, todo indica que o Sergas quere convertela en definitiva. Porque chove sobre mollado, non é a primeira vez que tentan pechar estes consultorio, e só a oposición da veciñanza fixo rectificar ao Sergas.





OFICINA PARLAMENTAR  
**Parlamento de Galiza**  
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545  
gp-bng@parlamentodegalicia.gal  
15702 Santiago de Compostela  
Galiza

Por todo isto formúlanse as seguintes preguntas para resposta oral na Comisión 5ª:

Cal é a razón de non ter activado o Sergas a atención sanitaria presencial no consultorio de Vilaxoán a pesar de terse comprometido a facelo?

Está traballando con algún cronograma para facelo? Se é así cal é?

Cal é a razón para que unha medida de urxencia a estean convertendo en definitiva?

Coida que @s veciñ@s que eran atendid@s neste consultorio están a recibir na actualidade unha atención sanitaria de calidade?

Considera que a atención telefónica e desprazamentos de quilómetros son alternativas?

É consciente o Goberno galego de que o peche do consultorio está causándolle á poboación ademais dos problemas sanitarios, prexuízos económicos e de mobilidade e que tamén supón o esmorecemento da actividade económica e social que se desenvolvía na zona?

Santiago de Compostela, 23 de xuño de 2022

Asdo.: **Montserrat Prado Cores**

**Iria Carreira Pazos**

**Olalla Rodil Fernández**

Deputadas do G.P. do BNG





OFICINA PARLAMENTAR  
**Parlamento de Galiza**  
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545  
gp-bng@parlamentodegalicia.gal  
15702 Santiago de Compostela  
Galiza


**Asinado dixitalmente por:**

**Olalla Rodil Fernández na data 23/06/2022 18:06:26**

**Iria Carreira Pazos na data 23/06/2022 18:06:30**

**María Montserrat Prado Cores na data 23/06/2022 18:06:42**





PARLAMENTO  
DE GALICIA

BOLETÍN OFICIAL DO  
**PARLAMENTO DE GALICIA**

---

Edición e subscricións:

Servizo de Publicacións do Parlamento de Galicia. Hórreo, 63. 15702. Santiago de Compostela.

Telf. 981 55 13 00. Fax. 981 55 14 25

Dep. Leg. C-155-1982. ISSN 1133-2727

